

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7148 *Corrección de erros da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.*

Advertidos erros na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 177, do 25 de xullo de 2015, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 36, no artigo 59, punto 4, onde di: «Cando a patente teña por obxecto un produto que conteña información xenética ou que consista en información xenética, os dereitos conferidos pola patente estenderanse, sen prexuízo do disposto no punto 4 do artigo 5, a toda materia á cal se incorpore o produto e na cal se conteña e exerza a súa función a información xenética.», debe dicir: «Cando a patente teña por obxecto un produto que conteña información xenética ou que consista en información xenética, os dereitos conferidos pola patente estenderanse, sen prexuízo do disposto no punto 5 do artigo 5, a toda materia á cal se incorpore o produto e na cal se conteña e exerza a súa función a información xenética.»

Na páxina 41, no artigo 79, punto 5, onde di: «... inscrito no Rexistro de Patentes algún dos dereitos ou gravames recollidos no artigo 81.1,...», debe dicir: «... inscrito no Rexistro de Patentes algún dos dereitos ou gravames recollidos no artigo 82.1,...».

Na páxina 65, no artigo 146, punto 3, onde di: «... se funda nalgunha das causas previstas no artigo 145 desta lei.», debe dicir: «... se funda nalgunha das causas previstas no artigo 149 desta lei.».

Na páxina 68, no artigo 158, punto 1.b), onde di: «Cando se considere retirada por aplicación do artigo 90.3 do CPE na medida en que se refire ao seu artigo 14.2.», debe dicir: «Cando se considere rexeitada por aplicación do artigo 90.5 do CPE na medida en que se refire ao seu artigo 14.2.».